

(FCG/af)

**DECRETO:** Ourense, 21 de febreiro de 2017

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

**DÍA:** venres, 24 de febreiro de 2017.

**HORA:** 10.00 horas en primeira convocatoria\*.

**LUGAR:** Salón de sesións do Pazo Provincial.

\*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

**ORDE DO DÍA**

**Apartado resolutivo:**

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de xaneiro de 2017.
- 2.- Expediente de modificación de créditos n.º 1/2017 do orzamento do INORDE.
- 3.- Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias do Concello de Avión en materia de xestión tributaria e recadación das taxas de subministración de auga e saneamento así como do canon da auga da Xunta de Galicia.
- 4.- Resolución de reclamacións e aprobación definitiva do orzamento para o exercicio 2017 do Consorcio provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento e a súa integración no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017.
- 5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello da Veiga para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños (A Veiga).
- 6.- Moción do BNG relativa aos danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.
- 7.- Moción do Grupo Socialista sobre a supresión da venda física de billetes nas estacións de tren da provincia.
- 8.- Moción do Grupo Socialista sobre a superación da fenda dixital na provincia de Ourense.
- 9.- Moción do BNG respecto da praga da pataca guatemalteca e a súa incidencia nas comarcas do país.
- 10.- Moción de Democracia Ourensana sobre adopción de medidas para aumentar a seguridade do rural fronte roubos, asaltos e outras formas de violencia.
- 11.- Moción do Grupo Popular para elaborar o Plan de turismo cultural e creativo da provincia de Ourense.
- 12.- Aprobación definitiva do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos

- municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017.
- 13.- Mocións de urxencia.

**Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**

- 14.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
- Presidencia: mes de xaneiro de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de novembro e 1º de decembro de 2016.
  - Deputado delegado de Facenda: mes de xaneiro de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de novembro e 1º de decembro de 2016.
  - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xaneiro de 2017 e 1º adicional decembro 2016.
  - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xaneiro de 2017.
- 15.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,